

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, a 24 de novembro de dous mil vinte dous.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Mos, ás 8:15 horas, constitúese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto (SARA), de contrato administrativo de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos (fracción resto e selectiva) e a limpeza viaria do Concello de Mos, tramitación ordinaria, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Baldomero Lorenzo García, Concelleiro delegado de Servizos, D<sup>a</sup>. Raquel González Gómez, Enxeñeira Municipal, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Santiago Gestal Pérez, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto. Cóntase coa asistencia técnica dos informáticos do Concello.

PRIMEIRO.- Con data 13.10.2022, publicouse na Plataforma de Contratación do Estado, Anuncio de licitación do Servizo de recollida transporte e xestión de residuos sólidos urbanos (Fracción Orgánica e selectiva) e a limpeza viaria do Concello de Mos.

Con data 11.11.2022, a FEDERACIÓN UGT-SERVICIOS PÚBLICOS presentou recurso especial en materia de contratación, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, contra os pregos da contratación do servizo de recollida, transporte e xestión de residuos sólidos urbanos (Fracción orgánica e selectiva) e a limpeza viaria no Concello de Mos, no que solicita ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública a Suspensión Cautelar de eficacia da licitación recorrida tanto en canto non se resolva este recurso especial de contratación.

A resultas do exposto pola Presidenta desta Mesa, en data 15 de novembro, acordouse a suspensión provisional do procedemento ata a resolución do Recurso Especial en materia de contratación polo Tribunal

Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, suspensión posteriormente ratificada por acordo do propio Tribunal mediante acordo de data 18 de novembro.

Visto o acordo do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de data 23 de novembro de 2022 polo que acordou inadmitir o recurso interposto por FEDERACIÓN UGT-SERVICIOS PÚBLICOS contra os pregos da contratación dun servizo de recollida, transporte e xestión de residuos sólidos urbanos (fracción orgánica e selectiva) e a limpeza viaria no Concello de Mos, por terse presentado o recurso fora de prazo de 15 días hábiles previsto para a interposición deste recurso especial, e levantar a suspensión acordada no seu día.

A mesa acorda continuar a tramitación da licitación do expediente.

SEGUNDO.- A continuación Mesa de contratación procede e á apertura do arquivo electrónico I, en concreto que as declaracións responsables e documentos adicionais son correctos e que conteñen tódalas manifestacións esixidas ás persoas licitadoras que concorreron, en forma e prazo, á licitación convocada:



- URBASER, S.A. 14-11-2022 12:37
- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. 14-11-2022 14:50
- ASCAN SERVICIOS URBANOS SL 14-11-2022 21:33

A Mesa comprobos se a declaración responsable presentada e incluída neste arquivo e demais documentación esixida na cláusula 12 dos PCAP é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas conforme ao modelo de declaración responsable do formulario de documento europeo único de contratación ( DEUC)

A Mesa comproba a presentación correcta do DEUC e demais documentación esixida no Arquivo nº 1 de todas as proposicións presentadas e, en consecuencia acorda admitilas todas:

- URBASER, S.A.
- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.
- ASCAN SERVICIOS URBANOS SL

TERCEIRO.- A continuación, a Mesa de contratación, de acordo coa cláusula 14.2 dos PCAP, procede á apertura do Arquivo II, das proposicións admitidas, documentación que deba ser valorada conforme aos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

Unha vez abertos os arquivos procede a remitir a documentación a valoración de Servizos e asistencia técnica do Concello, para que procedan á valoración desta documentación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, nun prazo nun prazo non superior a 10 días.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 8.55 horas.

